

Cultura

Ciudad y

Nin co Goberno central nin coa Xunta. Os escritores galegos, vascos e cataláns amosan o seu descontento con ambas administracións no congreso Galeusca que se desenvol-

ve estes días na cidade. Esixen respecto e un trato equitativo das súas literaturas, así como o seu fomento en igualdade coa literatura escrita en lingua castelá. Recriminan ao

Executivo autonómico o recorte en cultura e rexeitan o decreto do ensino que, aseguran, sitúa ao galego nunha condición de lingua supeditada ao castelán

Os escritores de Galeusca recriminan á Xunta que reduza a inversión en cultura

Autores galegos, vascos e cataláns esixen ao Goberno central que fomente as linguas e literaturas que representan “en pé de igualdade coa literatura escrita en castelá”

Viviana Burón

A CORUÑA

As asociacións de escritores galegos, vascos e cataláns reprochan ao Goberno galego a redución de investimentos en cultura, o que, aseguran, imposibilita o seu desenvolvemento e esixen ao Executivo central “garantías e respecto equitativo” así como o fomento das literaturas nacionais “en pé de igualdade coa literatura escrita en castelá”. Estas son dúas das conclusións ás que chegaron os escritores participantes na vixésimo séptima edición do

congreso Galeusca, que conclúe hoxe na Coruña. O obxectivo: debater sobre a importancia das literaturas en lingua propia como subministradoras de contidos para acadar una fértil industria cultural.

Os escritores de Galeusca denuncian as actuais políticas estatais “de afronta e negación dos idiomas nacionais” e lembran que a Constitución obriga a prestar apoio efectivo ás linguas cooficiais. Reivindican tamén a necesidade dunha maior presenza da literatura galega, vasca e catalana nos currículos oficiais escolares

para a Ensinanza Secundaria Obligatoria (ESO) e Bacharelato.

Galeusca rexeita de forma “rotunda” a aprobación do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario e acusa ao Executivo autonómico que lidera o presidente Alberto Núñez Feijóo de impoñelo de forma unilateral. “Por primeira vez na historia da democracia fai retroceder a presenza horaria e a consecuente posibilidade de aprendizaxe, para a mocidade e infancia, do idioma galego, propio e oficial de Galicia, que afonda na súa condición de lingua minoriza-

da e supeditada á hexemonía do castelán”, lamentan os escritores galegos, cataláns e vascos, no comunicado coas súas conclusións.

Outra cuestión coa que están en desacordo é a recente convocatoria por parte da Xunta dos premios Creación, polo seu rexeitamento do cualificativo “nacionais” co que naceron no seu día e pola anulación da dotación económica que conlevaba este recoñecemento. Destacan ademais que nunha época de globalización como a actual, é aínda máis necesaria “a defensa dos sinais de identidade dos pobos”.